



Concello
da Estrada



NORMAS INTERNAS DE USO E FUNCIONAMENTO DO XIMNASIO E DA SALA DE MUSCULACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN COTO FERREIRO

As presentes normas serán de cumprimento obrigado para todas aquelas entidades, colectivos e/ou deportistas individuais que teñan concedida a utilización do ximnasio e da sala de musculación municipal do pavillón Coto Ferreiro, no concello da Estrada.

O obxecto desta normativa é garantir que se realice un uso correcto destes recintos, coa finalidade de colaborar entre todos e todas para manter as instalacións nunhas condicións de funcionamento óptimas.

HORARIOS

O **horario habitual** de apertura do ximnasio e da sala de musculación municipal é o seguinte:

De luns a venres: de 9.00 a 14.00 h e de 16.00 a 23.00 h.

Sábados: de 10.00 a 14.00 h e de 16.00 a 22.00 h.

Domingos: de 10.00 a 14.00 h.

Os festivos e os domingos en horario de tarde, salvo en caso de competición oficial e/ou autorización expresa do Departamento de Deportes, as instalacións estarán pechadas.

Estes horarios poderán sufrir alteracións nas épocas de vacacións e naqueles supostos concretos que autorice previamente o Concello da Estrada.

NORMAS DE ACCESO Á INSTALACIÓN

1.- Unicamente poderán acceder ao recinto deportivo os clubs, entidades deportivas e asociacións deportivas do Concello da Estrada; deportistas individuais que se atopen empadroados no Concello da Estrada e colectivos, asociacións, entidades e persoas usuarias que teñan a autorización expresa do Concello da Estrada. Independentemente desta circunstancia, o/a conserxe da instalación poderá denegar a entrada ao recinto aos/ás deportistas e clubs concesionarios –incluso suspender a actividade unha vez iniciada– se considera que, ao seu criterio, existe algunha circunstancia extraordinaria que o aconselle (por exemplo, estragos no equipamento ou nos vestiarios).

2.- As persoas usuarias deberán seguir as observacións e os requirimentos do persoal a cargo das instalacións e están obrigadas a cumprir as presentes normas. Os comportamentos inadecuados e/ou vandálicos, contra calquera dos elementos do recinto deportivo ou contra outras persoas usuarias, suporán a expulsión inmediata da persoa ou persoas implicadas.

3.- O Concello da Estrada resérvase o dereito a anular ou suspender calquera reserva se for necesario, unha situación que se lle comunicaría coa máxima antelación á persoa e/ou colectivo afectado.

4.- Este espazo está destinado ás entidades deportivas do concello que estean debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e que participen de forma regular en competicións deportivas, en especial, nas de carácter federativo.

5.- As entidades interesadas deberán de presentar unha solicitude debidamente cuberta no Rexistro Xeral do Concello. Os deportistas individuais deben de facelo mesmo adxuntando a solicitude unha copia da licenza federativa en vigor.

6.- Non poden acceder á instalación menores de idade (excepto usuarios maiores de 16 anos acompañados por un adulto autorizado e identificado).



Concello
da Estrada



7.- **Os usuarios deben de cubrir cos seus datos** (Nome, Apelidos e DNI) a folia de rexistro do acceso o ximnasio na conserxería do pavillón. Asimesmo deberán de cubrir a hora de entrada e de saída.

8.- **Aforo máximo:** o número máximo de persoas que poderán acceder ao recinto será de 25 (incluída a persoa responsable). Só poderán acceder á sala as persoas autorizadas e os/as membros do grupo que pertencen á entidade autorizada.

NORMAS DE USO DA INSTALACIÓN

1.- **Dereitos dos usuarios.** Son dereitos dos usuarios os seguintes:

1.1.- Ser tratados con educación e amabilidade polo persoal da instalación deportiva municipal.

1.2.- Gozar da instalación, de acordo ás normas de uso establecidas.

1.3.- Facer uso da instalación nos días e horarios sinalados na autorización, aínda que, o Concello por necesidades de programación ou forza maior, poderá anular ou variar as condicións establecidas, comunicando esta circunstancia aos afectados co tempo suficiente.

1.4.- Dispoñer da instalación e do mobiliario en perfectas condicións.

1.5.- Poder consultar nas Oficinas Municipais, e se é posible na instalación deportiva, o presente Regulamento.

1.6.- Presentar as queixas, suxestións ou reclamacións que estime convenientes; por escrito, nas follas dispoñibles para ese efecto no Concello.

2.- **Obrigas dos usuarios.** Establécense as seguintes normas, que perseguen fundamentalmente o fomento de hábitos hixiénicos, o coidado e mantemento das instalacións e a prevención de riscos de todo tipo.

2.1.- Utilizar roupa e calzado adecuado (o usuario deberá vixiar o estado do seu calzado ao obxecto de preservar a limpeza da instalación). É obrigatorio o uso dunha toalla nos exercicios de bancos limpar os aparellos despois do seu uso.

2.2.- Velar polo bo estado de conservación da instalación e servizos, impedindo ou denunciado todo acto que vaia en deterioración das mesmas e advertindo aos conserxes cando observen anomalías na instalación ou no material da mesma.

2.3.- O usuario debe deixar colocadas as pesas e accesorios na súa zona específica unha vez terminase o exercicio. As máquinas do ximnasio non poden utilizarse para realizar actividades que non sexan a propia de cada aparello, sendo o usuario o responsable dunha posible lesión por unha mala praxe.

2.4.- Prohíbese comer e fumar en todo o recinto, así como utilizar envases de vidro.

2.5.- Prohíbese acceder ás instalacións con animais de compañía.

3.- **Perda da condición de usuario.** O incumprimento das obrigacións que se derivan da condición de usuario, poderá levar consigo a perda de tal condición. Devanditos incumprimentos poderán ser clasificados como leves e graves, segundo detállase nos apartados seguintes:

3.1.- Incumprimentos leves: a) O incumprimento dalgunhas das obrigacións dos usuarios, cando a súa consecuencia non dea lugar á cualificación de grave. b) O trato incorrecto a calquera usuario, persoal, etc. c) Causar danos leves de forma involuntaria á instalación ou equipamento da mesma.

3.2.- Incumprimentos graves: a) O incumprimento reiterado dalgunhas das obrigacións dos usuarios. b) O mal trato da palabra ou obra a outros usuarios ou empregados da instalación. c) Causar danos graves de forma voluntaria á instalación ou equipamento da mesma. d) Orixinar por



Concello
da Estrada



imprudencia ou negligencia accidentes graves a si mesmo ou outras persoas. e) Falsear intencionadamente os datos relativos á identidade, idade, estado de saúde, etc, e a suplantación de identidade. f) A reincidencia en incumprimentos resolto como leves. g) Furtar, roubar ou deteriorar material da instalación ou das pertenzas doutros usuarios. h) Introducir na instalación animal ou produto que deteriore a mesma.

3.3.- Consecuencias dos incumprimentos:

3.3.1.- Os incumprimentos leves corrixíranse con apercebimento por escrito ou a perda da condición de usuario por un período de 5 a 30 días.

3.3.2.- Os incumprimentos graves corrixíranse coa perda da condición de usuario por un período comprendido entre 30 días e 5 anos, se a gravidade do mesmo o fixese necesario.

3.4.- Procedemento:

3.4.1.- O Concello será o encargado de tramitar o procedemento sancionador.

3.4.2.- As propostas comunicánselle por escrito aos interesados dándolles audiencia para que poidan efectuar alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes.

3.4.3.- Concluído o prazo de audiencia e á vista de alegacións presentadas polo usuario, o órgano competente do Concello, resolverá o que proceda. Unha vez que resolva, notificarase ao afectado, dentro do prazo que lle confire a lexislación administrativa.

3.4.4.- Contra os acordos adoptados, poderán interpoñerse os recursos que se estimen oportunos, de conformidade coa lei de Réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

4.- O acceso ao recinto realizarase unha vez que estea(n) presente(s) a(s) persoa(s) que a entidade autorizada nomee como responsable(s) (adestrador/a e/ou preparador/a físico/a), que deberá(n) de identificarse perante o/a conserxe da instalación.

5.- É recomendable que a persoa responsable do colectivo teña coñecementos sobre a utilización e as pautas de adestramento con máquinas de musculación, co fin de preservar a seguridade e a boa práctica por parte das persoas deportistas. En todo caso, é a entidade autorizada a responsable última de garantir esta cuestión.

Para calquera información, dúbida ou suxestión respecto do uso e do funcionamento destas instalacións deberá de dirixirse ao Departamento de Deportes do Concello da Estrada, para o que pode acudir ás súas dependencias no 4º andar da casa do concello, chamar ao teléfono 986 570 030 extensión 4405 (de luns a venres, de 9.00 a 14.00 h) ou enviar unha mensaxe ao enderezo de correo electrónico deportes@astrada.es.

OUTROS TELÉFONOS DE INTERESE

Protección Civil: 986 573 333

Policía Local: 986 570 898

Emerxencias: 112